



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Desestimento proceso de selección brigada de incendios

Visto o proceso de selección incoado para a selección de 1 xefe/a de brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestais deste Concello ó abeiro do convenio de colaboración suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020.

Visto o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 8 de agosto de 2018, onde se concede as persoas interesadas en participar no proceso de selección, un prazo de 6 días naturais contados a partir do día seguinte o da publicación do anuncio.

Visto que por resolución de Alcaldía nº 446/2018 se aprobou a listaxe provisional e definitiva de admitidos e excluídos para a cuadrilla de incendios, onde se pon de manifesto o seguinte:

"ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

- XEFE DE BRIGADA

Aspirantes admitidos: NÍNGÚN

Aspirantes excluídos: NINGÚN

(....)"

Visto que segundo o Convenio de Colaboración suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na defensa contra incendios durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020, unha brigada de incendios ten que estar composta obrigatoriamente por 1 Xefe de Brigada, 1 peón-condutor e 3 peóns, e dada a imposibilidade de cubrir o posto de Xefe de Brigada, **RESOLVO:**

Primeiro: desistir do proceso de selección da brigada de incendios 2018 incoado por este Concello por Resolución de Alcaldía nº 426/2018 con data do 07/08/2018.

Segundo: publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web municipal.

Terceiro: comunicar este acordo á Consellería de Medio Rural.

Cuarto: dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)